

Utopía e ucronía: a Galicia triunfante en *Nordeste* (2016) de Daniel Asorey

Thayane Gaspar Jorge¹

Recibido: 29 de setembro de 2021 / Aceptado: 15 de novembro de 2021

Resumo. Miguel-Anxo Murado no ensaio *Outra idea de Galicia* (2016) contesta o mito de terra sen historia utilizado para explicar o apagamento da importancia da historia da Galicia na Europa. Murado atribúe o problema aos historiadores e ás prioridades destes que ao escribiren a historia da España relegan a maioría dos episodios galegos ao esquecemento. En consonancia con esta análise e bebendo da fonte das teses de Walter Benjamin (1996), a novela *Nordeste* (2016) de Daniel Asorey utiliza a utopía e a ucronía para promocionar unha reparación histórica á terra galega. Nesta novela, o autor escoba a historia a contrapelo e, tamén, cambia a traxectoria histórica de Galicia ao crear un enredo ficcional que pretende responder á indagación: “Que tería pasado con Galicia se os galegos tivesen gañado a Guerra Irmandiña?”. Murado, en seu ensaio, chega á conclusión de que historia e poder son sinónimos e ese poder é restituído por Daniel Asorey ao imaxinar unha Galicia utópica, colonizadora e imperialista, detentora de colonias en Brasil. *Nordeste* é unha obra que pretende restituír a voz silenciada dos subalternos e submisos, os perdedores nas narrativas históricas, segundo o pensamento benjaminiano. Este libro manipula a historia e o tempo a través da conexión de catro personaxes femininas: Maria Bonita, a raíña do movemento do *cangaço* brasileiro; Carme de Candigas, unha personaxe ficticia e Matilda, a galega inmigrada en São Paulo, personaxe inspirada na fotógrafa americana, Mathilda Anderson. A cuarta muller é a representación feminina de Galicia, pilar da réplica imperialista e misóxina ás tentativas nacionalistas das nacións celtoatlánticas adormecidas e asoballadas polo imperialismo e centralismo británico e español.

Palabras chave: historia; ucronía; xénero; Galicia; Brasil.

[es] Utopía y Ucronía: Galicia triunfante en el *Nordeste* (2016) de Daniel Asorey

Resumen. Miguel-Anxo Murado en el ensayo *Outra idea de Galicia* (2016) cuestiona el mito de la tierra sin historia utilizado para explicar el borrado de la importancia de la historia gallega en Europa. Murado atribuye el problema a los historiadores y a las prioridades de quienes, al escribir la historia de España, relegan al olvido la mayoría de los episodios gallegos. En línea con este análisis y basándose en la tesis de Walter Benjamin (1996), la novela *Nordeste* (2016) de Daniel Asorey utiliza la utopía y la ucronía para promover una reparación histórica de la tierra gallega. En esta novela, el autor cepilla la historia a contrapelo y, además, cambia la trayectoria histórica de Galicia creando una trama de ficción que pretende dar respuesta a la pregunta: “¿Qué le habría pasado a Galicia y al mundo si los gallegos hubieran tenido éxito en la Guerra Irmandiña?”. Murado, en su ensayo, llega a la conclusión de que historia y poder son sinónimos y ese poder es restituído por Daniel Asorey al imaginar una Galicia utópica, colonizadora e imperialista, poseedora de colonias en Brasil. *Nordeste* es una obra que busca restaurar la voz silenciada de los subalternos y submisos, los perdedores de las narrativas históricas, según el pensamiento benjaminiano. Este libro manipula la historia y el tiempo a través de la conexión de cuatro personajes femeninos: Maria Bonita, la reina del movimiento *cangaço* brasileiro; Carme de Candigas, una personaje ficticio y Matilda, la gallega emigrada a São Paulo, un personaje inspirado en la fotógrafa estadounidense, Mathilda Anderson. La cuarta mujer es la representación femenina de Galicia, pilar de la respuesta imperialista y misógina a los intentos nacionalistas de las naciones celtas atlánticas, dormidas y oprimidas por el imperialismo y el centralismo británico y español.

Palabras clave: historia; ucronía; género; Galicia; Brasil.

[en] Utopia and Ucrony: Galicia Triumphant in *Nordeste* (2016) by Daniel Asorey

Abstract. Miguel-Anxo Murado in the essay *Outra idea de Galicia* (2016) contests the myth of land without history used to explain the lack of the importance of Galician history in Europe. Murado attributes the problem to historians and to the priorities of those who, when writing the history of Spain, relegate most Galician episodes to oblivion. In line with this analysis and drawing on Walter Benjamin's (1996) thesis, the novel *Nordeste* (2016) by Daniel Asorey uses utopia and uchrony to promote a historic reparation to Galician land. In this novel, the author brushes the history against the

¹ Universidade Federal do Rio de Janeiro, Coordenação de Aperfeiçoamento de Pessoal de Nível Superior (CAPES). Correo-e: thayanegasparj@gmail.com. ORCID: <https://orcid.org/0000-0003-3623-803X>.

grain and, also, changes the historical trajectory of Galicia by creating a fictional plot that intends to answer the question: “What would have happened to Galicia and to the world if the Galicians had been successful in the Guerra Irmandiña?”. Murado, in his essay, reach the conclusion that history and power are synonymous and that power is restored by Daniel Asorey when he defined the utopian, colonizing and imperialist Galicia, holder of colonies in Brazil. *Nordeste* is a work that seeks to give back the silenced voice of the subaltern and submissive, the losers in historical narratives, according to Benjaminian thought. This book manipulates history and time through the connection of four female characters: Maria Bonita, the queen of the Brazilian *cangaço* movement; Carme de Candigas, a fictitious character and Matilda, the Galician immigrated in São Paulo, a character inspired by the American photographer, Mathilda Anderson. The fourth woman is the female representation of Galicia, the main of the imperialist and misoxin reply to the nationalist attempts of the Celtic Atlantic nations, asleep and oppressed by imperialism and British and Spanish centralism.

Keywords: History; Uchronia; Gender; Galicia; Brazil.

Sumario: 1. Introducción. 2. Galicia: a construción dunha identidade no lado de fóra da fronteira. 2.1. A periferia galega e a nordestina. 2.2. Donas das súas propias cabezas. 3. Consideracións finais. 4. Referencias bibliográficas.

Como citar: Gaspar Jorge, T. (2021): “Utopía e uchronía: a Galicia triunfante en *Nordeste* (2016) de Daniel Asorey”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25 Núm. Especial, pp. 93-106, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.88066>.

1. Introducción

“Se o mar tivera varandas,/ fórate ver no Brasil;/ mais o mar non ten varandas:/ amor meu, ¿por onde hei d’ir?” (Castro 2003: 115). Aínda que o mar non ten varandas, como observa Rosalía de Castro, ten pequenas xanelas, e a través do Atlántico, Galicia viu o Brasil como suxire o libro *Nordeste* (2016), do santiagués Daniel Asorey, gañador do importante premio Repsol². *Nordeste* toma emprestado no título o nome dunha rexión ao nordeste do territorio brasileiro que foi marxinalizada e que sufriu atraso económico e industrial, por conta do abandono político e da peculiaridade climática que asola gran parte da rexión e que se agravou dende o século XIX, e pola cal toda a rexión foi xeneralizada e reducida: a seca³. E por que o nordeste brasileiro divide o protagonismo con Galicia nesa novela? Asorey desbrava os elos e semellanzas entre as dúas rexións creando

un enredo que subverte a realidade desas localidades cuxa importancia e valor foron apagados durante as súas respectivas historias de opresión e desprezo. O escritor Miguel Anxo Murado apunta a importancia da historia no que respecta á perda do poder de Galicia que resultou na fragilidade de manter a súa lingua, a súa cultura e a súa identidade, que se parecen ás dificultades enfrontadas polo propio nordeste, do outro lado do Atlántico:

O malo é que a ausencia de historia é un síntoma da ausencia de poder, que á súa vez pode traducirse, como mínimo, nunha ausencia de autoestima. Os galegos son famosos por non andar sobrados dela. E considerando o que lles sucedeu aos seus devanceiros nos séculos seguintes, como imos ver, non resulta de todo sorprendente. (Murado 2016: 67)

A Galicia de Asorey é bastante diferente da Galicia que coñecemos. En *Nordeste*, somos presentados a unha Galicia hipotética, unha Galicia que coñece un destino diferente porque tivo unha historia diferente. A Galicia literaria inventada polo escritor santiagués é resultado da pregunta que nos é colocada nesta obra: Que tería acontecido con Galicia se os galegos gañasen a Guerra Irmandiña? A resposta é unha Galicia que dividiu con Portugal o posto de colonizador e desbravador dos sete mares. Murado demostra como o tema da Guerra Irmandiña ten sido usado no discurso nacionalista e como este episodio histórico creou unha ferida na autoestima e na formación do reino de Galicia:

O nacionalismo galego moderno exaltounos durante moito tempo como unha combinación ideal entre movemento independentista e popular, pero os historiadores están cada vez menos convencidos. Similar en moitos sentidos á insurrección de Tyler e Ball en Inglaterra, á forza de choque dos irmandiños formábanos os labregos, pero seus líderes eran artesáns das idades e pequenos nobres que, máis que sublevárense contra a Coroa, pedían a súa intervención para que os librase dos seus propios señores, que estaban á súa vez en plena revolta contra os reis.

Se caso cabería dicir que as revoltas irmandiñas, máis que unha loita pola independencia (un concepto anacrónico para aquela época), facilitaron a incorporación de Galicia ao reino de Castela

² Premio de narrativas breves que tivo a súa primeira edición en 2006 apoiado por importantes institucións de fomento á difusión e publicación en lingua galega como a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

³ Fenómeno climático causado pola ausencia de chuvia nun grande período de tempo.

ao debilitaren o poder local. Se algo sabía Isabel de Castela era aproveitar as oportunidades (despois de todo, xa usurpara o trono), e aproveitar a cachón. Coa axuda do seu home, o rei Fernando de Aragón, Isabel deixou primeiro que os nobres galegos esmagasen os irmandiños, cousa que fixeron encantados cunha novidade tecnolóxica, a mosquetería. Foi daquela cando Isabel e Fernando entraron na guerra para esmagar á súa vez os “condes tolos”. Esa marabilla do plateresco que adorna a praza do Obradoiro Santiago, o Hostal dos Reis Católicos, conmemora o éxito daquela dura guerra polo control definitivo de Galicia. É un episodio que ten pasado á historia galega como “A Doma de Galicia”, aínda que o termo que se usou entón era un pouco máis forte: “Doma e castración”. Veremos que houbo bastante máis do primeiro do que do segundo.” (65)

Asorey ten a sensibilidade de captar un dos eventos primordiais para a derrota de Galicia e fabular sobre o destino de Galicia se a historia fose reescrita. E Asorey decide que quen debería ter a oportunidade de reescribirla son as mulleres. Aínda que un home estea no control e á fronte da República Galega, son as mulleres as que son donas e voceiras desa historia contada por Daniel Asorey.

O autor adiantase e responde ao seu propio cuestionamento deixando entrever unha Galicia metrópole na ficción, dona de colonias brasileiras coma São Paulo, Bahia e Rio Grande do Norte; unha Galicia república presidida por Daniel Afonso Castelao; unha Galicia soberana, agraciada por prestixio, riqueza e poder. Unha Galicia moi diferente da Galicia do século XX: baldeirada pola emigración causada pola pobreza, asoballada polo centralismo español, situación crítica da lingua e vendo os froitos do *Rexurdimento* apodrecendo nunha árbore cuxas raíces estaban sendo arrancadas da terra-nai, da lingua nai. Sen raíces era imposible sustentar todo o resto. O que pretende Asorey nesta obra é poñer sobre a mesa unha terceira onda nacionalista que corrixa os entaves do nacionalismo do século XX: a emigración e a necesidade de encontrar outros aliados que arelen a liberdade fai borrar o concepto de raza, a Igrexa sométese a outras formas de poder coma o capitalismo e as mulleres son as protagonistas.

A novela é formulada nunha perspectiva ucronica dividida por unha liña ficticia entre a época colonial e o século XX. Dividida por esa liña temporal, temos Carme de Candingas, a vedora da empresa colonial, personaxe inspirada na propia avoa do escritor, a quen dedica o libro. Carme, unha importante inspectora da *Compañía Galega das Indias*, vivindo o século XVII e reflectindo sobre a maduración da colonización galega en terras verdes e amarelas. Esta muller é a primeira en detectar as consecuencias negativas do proxecto colonial malia que a colonización hipotética sexa descrita como “tolerante e eficiente” (Asorey 2016: 113). Esta personaxe é a ponte que mantén ligada a colonia e a metrópole; emporiso se despraza entre as terras brasileiras e Santiago de Compostela, que na maxia literaria posúe mar, chamado Belvís.

No século XX habita a historia ficticia Matilda, xornalista, galega e emigrante que vive en São Paulo e é denominada polo alcume de *gringa*, termo bastante usado no Brasil para se referir a estranxeiros. Esta personaxe está inspirada na figura de Ruth Matilda Anderson (1893-1983), unha fotógrafa estadounidense moi importante para a historia de Galicia. Ruth Matilda Anderson fixo tres viaxes a España a través da Hispanic Society of America durante as cales tirou milleiros de fotos de Galicia. No seu traballo fotográfico sobre o territorio galego predominou a denuncia das condicións case medievais de Galicia, a observación do forte ruralismo, o estudo das vestimentas tradicionais e o impacto do traballo feminino na economía local e a condición da muller dentro da sociedade galega, principalmente.

E por fin, tamén no século XX, temos o *leitmotiv* desta obra: Maria Bonita. Maria Gomes de Oliveira, que tamén atendía por Maria de Déa e outros nomes, ficou coñecida nos libros de historia como Maria Bonita. Esta muller é unha gran figura na historia brasileira e no nordeste por ter sido unha das mulleres en se unir ao movemento do *Cangaço*⁴ e por se casar co rei e xefe do bando, o temido Virgulino Ferreira da Silva, máis coñecido como Lampião. Maria Bonita, así como moitas mulleres, foi eclipsada pola historia, sendo lembrada por moito tempo apenas como muller de Lampião. A súa

⁴ O Cangaço é un movemento ambiguo e contraditorio ocorrido no século XX no nordeste do Brasil. Denominado pola maioría dos libros de historia como unha serie de banditismo, o movemento tiña como obxectivo buscar xustiza e vinganza polas miserables condicións nas cales os nordestinos se encontraban, como a falta de emprego e a fame. O grupo de cangaceiros causaron moita desorde e son responsabilizados por saqueos, asasinatos e mesmo violencia sexual.

historia foi reescrita e oída por persoas como Asorey que tentan retratar quen realmente foi esta muller: a primeira muller en reivindicar a presenza feminina na loita deses rebeldes.

Serán esas tres mulleres as que contarán a historia que o libro garda. As tres personaxes, cheas de metáforas, encarnarán diferentes tipos de loita que denuncian as violencias de xénero e a categoría na que as mulleres foron aprisionadas durante os séculos: “mercadorías e sombras” (Asorey 2016: 42). O elo ficcional das tres personaxes trae diversos cuestionamentos sobre o papel da muller na construción histórica, política e identitaria de Galicia e do Nordeste. A obra busca unha redención de e para todas as mulleres engulidas pola *his-story*.

2. Galicia: a construción dunha identidade no lado de fóra da fronteira

A identidade e o nacionalismo galego sustentáronse por medio do concepto de alteridade, por iso a imaxoloxía tórnase un camiño fecundo para pensar a imaxe que Galicia construíu para si mesma: “A imaxe é una especie de lingua, de segunda lingua para dizer o Outro, e, para dizer, conseqüentemente, un pouco de si, de sua cultura” (Pageaux 2011: 111). Esa idea de fronteiras diluídas vén do xeito no que Galicia se recoñeceu a través do século XX: sempre colocándose en contraposición ou consonancia co outro, véndose a través dos ollos do seu pobo e dos que a cercaban. O nacionalismo galego nace desa toma de conciencia dunha clara distinción entre Galicia e a poderosa Castela e ao mesmo tempo da forte e inevitable identificación coa emerxente nación irlandesa.

No efervescente século XX, as forzas intelectuais galegas articuláronse para esbozar o que viría a ser o nacionalismo galego. Para iso, subiron á torre de Breogán, e así como Ith, viron a illa esmeralda e albiscaron nela esperanza pola liberdade de seren galegos de todo: lingüisticamente, literariamente, culturalmente, xeograficamente e politicamente. Viron en Irlanda un modelo, un aliado, e basearon o seu argumento na orixe celta común entre irlandeses e galegos, creando unha fenda entre Galicia e España, mais tecendo lazos fraternos entre nacións atlánticas, periféricas e oprimidas:

Podemos perceber então que a base para a identidade celta da Irlanda não é fixa, mas sim assunto

de debate contínuo e deve-se mais à construção social do que as origens dos irlandeses é o esforço dos que vivem na periferia de um poder central se oporem a ele e lutarem para manter uma identidade única e distinta do opressor. No caso irlandês, estabeleceu-se uma nação a partir da diferença em relação àqueles que nunca os conquistaram, os romanos, e aqueles que lutaram para subjugar-los, os britânicos. (Abrantes 2018: 58)

Baseándose no libro *Leabhar Gabhála Éireann*, un libro do século XII que rescata e toma nota da formación de Irlanda dende os eventos bíblicos que lle corresponden e das xenealoxías ao longo do tempo, os galegos véñse reflexionados nunha historia diferente da historia de España. Ese libro, tamén coñecido como *Livro das Invasões Irlandesas*, é o instrumento usado polos galegos para rescatar o pasado heroico e glorioso dos celtas e que foi adaptado para os seus obxectivos ideolóxicos, políticos e didácticos sobre a situación da lingua galega e outras cuestións que orbitan en torno a ela, construindo por fin celtas nacionalistas, que emprestaban toda a súa belicosidade para crear unha fronte de resistencia cultural:

Así mesmo non perde ocasión e reflexionar sobre o proceso de receltización da Irlanda previo á independencia, que comezou cunha recuperación da fala e da cultura enxebre; e non se deixa de sinalar que Galicia debe seguir o mesmo camiño. (Lugris 2005: 71)

Sendo así, o nacionalismo galego preocupado coa reformulación e a creación identitaria dunha Galicia asolada pola opresión lingüística, política, económica e cultural percibe a loita irlandesa como unha grande inspiración e un camiño posible. Son abundantes as referencias literarias a Irlanda como a irmá de Galicia. Esa irmandade é alimentada pola necesidade dun retorno ao pasado grandioso para iluminar e mudar o presente decadente no cal se atopaban as dúas rexións. O pasado seleccionado polos nacionalistas foi o período de Bronce, no cal supostamente os celtas terían poboados nas rexións do norte de Portugal, en Galicia e en parte de Asturias e de León, o antigo reino da *Gallaecia*.

A Idade de Bronce era útil xa que xustificaba a presenza dos castros⁵ semellantes aos *hillforts* irlandeses. Esa coincidencia xeográfica era apoiada pola idea de que os celtas

⁵ Os castros e os *hillforts* son construcións de pedra redondas que posiblemente servían como casas para as tribos célticas.

galegos foran os colonizadores de Irlanda. Esa identidade tomada polos galegos do século XX comezaba a formarse do lado de fóra: fóra de España, fóra da propia Galicia. Privados de posuíren unha historia propia, facer parte da historia dunha nación emerxente era unha forma de prestixio, unha riqueza cultural e histórica que non podería ser tomada por Castela. Para que a identidade galega existise, os nacionalistas tiveran que se librar do concepto de fronteiras, pois naquel momento precisaban de xanelas coma as xanelas dos versos rosalianos.

Por moito tempo buscouse comprobar ou refutar a idea da existencia dos celtas galegos e da veracidade de fontes pseudo-históricas como o Livro das Invasões Irlandesas que ecllosionaran no século XX durante a formación do movemento nacionalista. Aínda non hai consenso ao respecto, mais creo que a relevancia está na presenza e existencia irrefutable de celtas nacionalistas e literarios:

Breoghan aparece como el constructor de la ciudad y de la torre de Bregantia. Pero lo más importante que nos aporta el manuscrito es que aparece por primera vez en la historia como el primer rey de toda la península Ibérica, después de librar duros combates con las tribus hispanas. Sus biznietos, los Hijos de Mil de España, serían posteriormente los conquistadores de Irlanda que crearon un reino hispano sobre la isla, del que descenderían los posteriores reyes irlandeses. La posibilidad de su existencia histórica no aparece en otros documentos primitivos fuera de las islas Británicas; los escritores romanos y griegos nunca lo mencionan, por ello se considera que es un personaje ficticio, lo mismo que Mil. No obstante, sus hechos sí ofrecen verosimilitud histórica; como sabemos, los estudios de ADN han demostrado el origen hispano de la mayoría de los irlandeses. Por todo ello, el rey del clan hispano de los escotos quizá no se llamara Breoghan, pero sí pudo existir con otro nombre, lo mismo que su nieto. (Sainero 2013: 47)

O gran demérito do movemento nacionalista é xustamente o conflito de xénero que se instaurou no seu interior. En moitas obras, escritores defensores do imperialismo como o francés Ernest Renan e o inglés Matthew Arnold difundiron teorías sobre a feminización da raza celta. Segundo eses autores, a raza celta posuía características que atenden á xerarquización de xénero: por exemplo, a falta de habilidade para se autogobernar ou a debilidade no raciocinio lóxico.

Esa idea resultou na formulación dun argumento contra a emerxencia de nacións outrora colonias, como por exemplo Irlanda. Segundo Renan e Arnold, a situación de sumisión debería ser mantida para realizarse un casamento patriarcal natural e necesario para manter o equilibrio:

Femininity marked the Celt's difference from the Saxon, but also placed her in a relationship of natural complementarity to him. Like man and woman, they were meant for each other, and should acquiesce in the dictates of nature and history, combining to form a more perfect whole. Both Celt and Saxon were radically incomplete. The Saxon possessed precisely the qualities the Celt lacked, and the Celt in turn could supply the Saxon deficiencies Arnold outlined in *Culture and Anarchy*. (Howes 1995: 20)

Eses argumentos atinxiron os nacionalistas galegos que tentaron responder masculinizando os celtas, cerne da loita pola independencia e da súa identidade. Un exemplo desa masculinización e desa tentativa de facer de Galicia unha terra de homes exprésase no poema épico religioso de Ramón Cabanillas, o poeta da Raza e voceiro do nacionalismo galego. Neste poema, Cabanillas destaca figuras da materia de Bretaña coa intención de baldeirar a importancia e o poder de figuras femininas que eran referencias do celtismo e enaltecer figuras que non sucumbiran ao universo feminino como Galaaaz.

Galicia non se salvou dese proceso de sexualización e subalternización. Ese conflito de xénero foi unha forma de menosprezar a súa loita e a súa capacidade para a mesma. O mito da terra nai foi un recurso imperialista para manter Galicia na situación de submisión a unha figura masculina desempeñada pola figura de Castela. Abundan no século XX imaxes literarias de Galicia como muller: unha labrega, pobre, ruda e que precisa ser salvada por un heroe dotado de virilidade:

Segundo indica a profesora Berçoña Aretxaga, na última década, um número crescente de investigadoras/es assinalaram a importância da categoria de gênero na construção e legitimação de diferentes discursos colonialistas e nacionalistas. E sustentam que se todos os projetos coloniais se concebem em termos sexuais e de gênero, os projetos de liberação nacional também vêm acompanhados desta sexualização. No discurso nacionalista galego podemos observar como a Galicia se apresenta totalmente sexualizada. Aparece como uma mulher protagonizando diferentes papéis femininos, pode aparecer

como escrava, como mãe ou donzela, mas em todos os casos, necesitada de heróis masculinos que a libertem, existindo também numerosos elementos de afirmación da masculinidade do povo galego. (Bergantinhos 2001: 159)

O movemento nacionalista en Galicia foi pautado no racismo, unha vez que a raza céltica era determinadora de identidade e diferenza; no conservadorismo católico, que buscou un equilibrio entre o paganismo e o cristianismo a través da figura do Santo Graal aínda mantida na bandeira galega; e na misoxinia expresada a través dunha forte xenerificación e masculinización da loita pola independencia.

Dende esta mesma xanela usada no nacionalismo galego, Daniel Asorey viu o Brasil e esa visión deu orixe á novela que propomos analizar. E nesa tradición de percibir o mundo a través da alteridade, Asorey fai emerxer lazos e similitudes entre Galicia e o Sertão a través da figura histórica brasileira de Maria Bonita. *Nordeste*, como embebedado pola reflexión benxaminiana sobre unha versión da historia escrita polos vencidos (tendo en conta aquí as consecutivas derrotas simbólicas da terra galega como a separación da *Gallaecia*, a Guerra *Irmandiña*, a baixa autoestima e desprestixio do galego e a pouca adhesión e transformacións do nacionalismo), propón unha reescritura da historia galega ao indagar aos lectores: “que sería de Galicia, hoxe, se tivese gañado a Guerra *Irmandiña*?”.

A obra concibe unha Galicia vitoriosa que simpatiza con todos os segmentos silenciados pola historia dos vencedores, principalmente as mulleres, mulleres que non poden preencher máis os papeis de “sombas e mercadorías”. *Nordeste* non dá apenas voz ás mulleres como lles outorga o protagonismo que lles foi roubado e por iso ten como personaxes principais a Carme de Candingas, Matilda e Maria Bonita e, como este traballo deixará entrever, existe a presenza dunha cuarta figura feminina a buscar a súa liberdade e librarse da categoría de mercadoría e sombra: Galicia. Galicia, dende o século XX, vén sendo configurada como unha figura feminina e así é enclaustrada nunha xerarquía de xénero que chocará, en todo momento, coa cuestión da súa emancipación política e lingüística:

Alguns autores teñen sinalado o proceso de *feminización* da imaxe da Galicia nestes anos, e é crto que se representa en toda a cartelería da época como unha muller, desde os anuncios de xabón ata os reclamos das navieiras. Pero isto

era algo habitual na época como segue a selo agora (iso si, a muller galega, como a *Beccasine* bretoa, é sempre labrega). Máis revelador é seguramente que esa feminización de Galicia non foi só icónica. En artigos da prensa, libros de viaxe e conferencias da época, Galicia parece adornada sempre cos mesmos trazos de dozura, pasividade, docilidade e pureza.

Non era a maneira na que vían os escritores galegos, para os que a súa terra padecía nese momento un auténtico drama, o da emigración e o empobrecimento xeral. Para eles non era a Suíza, era Irlanda; non era unha fada senón unha Cincenta; Mais esta imaxe a penas transcendía na literatura española, que mesmo cando representaba a súa miseria facíao só como licenza poética”. (Murado 2016: 45)

Entendemos a aproximación entre Galicia e Irlanda no século XX como unha irmandade necesaria, compensatoria, un despertar das nacións atlánticas adormecidas e subxugadas. A xustificativa desta relación centrouse na orixe celta común, no uso do mito para suplir a carencia de ambas as culturas. E cal debería ser a xustificativa para esa nova irmandade ficcional entre Galicia e Brasil? A posible colonización brasileira compartida con Portugal foi un soño perdido cando Galicia se separou do reino da *Gallaecia*, e que nunca saberemos se Galicia tería concretado como a novela supón. Con todo, o que liga Galicia e o Brasil é necesariamente a rexión nordeste brasileira, que serviu nesta obra como unha alegoría, unha forma de reflectir sobre a condición galega ao reflectirse sobre o Outro. E o Brasil, malia estar tan distante culturalmente e xeograficamente, acaba por aproximarse por conta da lingua e por ver o seu territorio transformarse nos novos lares de galegos emigrados principalmente nos estados de São Paulo e Bahía.

Galicia e o Nordeste comparten o resultado dunha colonización interna. Cando os territorios que correspondían a Galicia se separaron de Portugal, a substitución nobiliaria desencadeou ese colonialismo interno. No Brasil, ese proceso comezou cando a seca pasou a ditar o ritmo (ou ausencia) do progreso, cando as institucións de poder se desprazan cara ao sur e sudeste creando unha distancia case que temporal entre o nordeste medieval e o sur industrializado.

O colonialismo interno, a pobreza, o atraso e a dependencia sustentan os piares desa comparación. Esas características agraváronse e perpetuáronse até o século XX deixando profundas marcas na cultura e historia desas dúas

rexións. A pobreza torna esas rexións vulnerables, susceptibles e subxugadas e tomadas por prexuízos e estereotipos que van enclaustralas en ondas migratorias masivas. O atraso simula unha realidade medieval. E a dependencia marxinaliza Galicia e o Sertão nas súas propias historias mentres son silenciadas e sufocadas por unha narrativa que non se preocupa pola voz dos vencidos.

Eses procesos incidiron significativamente na construción da identidade galega e nordestina marcadas pola saudade, polo prexuízo, a baixa autoestima e por expresións culturais coma o repente e a *regueifa*. E é a través deses elementos como tentaremos explorar o nordeste como unha alegoría necesaria para entendermos a situación política galega. O nordeste servirá de espello que evidenciará temas da cultura galega que serviron para diminuíla e que ambas as rexións periféricas comparten. Sendo así, com auxilio do libro *Nordeste*, percorrерemos temas como as peculiaridades climáticas, o colonialismo interno e o atraso económico, o prexuízo lingüístico, a emigración e a saudade.

2.1 A periferia galega e a nordestina

O Nordeste é unha invención, é “um processo de tecelagem” como afirma o historiador Durval Muniz de Albuquerque Júnior (2017). O Nordeste era unha rexión perdida dentro da gran denominación e coordenada xeográfica chamada “Norte do Brasil”. O designio Nordeste aparece por primeira vez no ano 1919 para designar a área de seca da cal se ocupa a Inspección Federal de Obras Contra as Secas (IFOCs). A seca é a maldición desa rexión aínda que tamén sexa, paradoxalmente, a beizón que a colocou no mapa e nas páxinas de xornal que atraeron aos ollos dos brasileiros. A partir de 1919, as secas se convértese nun asunto de bastante evidencia na prensa do sur, onde a grande efervescencia industrial acontecía e facía que esa rexión se afastase e voltase as costas ao Nordeste. Así coma Galicia, a imaxe do Nordeste comeza a ser deseñada em base ao clima e á paisaxe derivada da seca. Eis o primeiro elo entre as rexións periféricas da obra ficcional de Asorey:

O Nordeste é, em grande medida, filho das secas; produto imagético-discursivo de toda uma série de imagens e textos, produzidos a respeito desse fenômeno, desde que a grade seca de 1877 veio colocá-la como problema mais importante desta área. Estes discursos, bem como todas as

práticas que este fenômeno suscita, paulatinamente instituem-no como um recorte espacial específico no país. (Albuquerque 2017: 81)

Ese clima dita o destino do Nordeste, a paisaxe da rexión é peculiar, monocromática, e, até de certa forma, triste. Un deserto de cicatrices como describe poética e apaixonadamente Asorey na súa primeira tentativa de transportar o Nordeste á súa obra:

A fotógrafa recolle o trípode, mentre filas caladas de sombras non paran de chegar. As xentes, humildes habitantes dunha terra esquecida, tiran os puchos en sinal de respecto, diante do macabro espectáculo que os agarda nas escadas do concello. Axiña a calor se ha facer abafante. Aínda que o día dos asasinatos chovera, no Nordeste, xullo é un mes sen nubes. En realidade, no Nordeste, os meses case nunca teñen nubes, de modo que a dor está escrita na terra con cicatrices sen cura. Leva sendo así durante séculos para os que alí habitan. Fuxiren da seca. Deixaren a vida entre as pozas que fica sen auga. Escolitaren como o sol brama coa fereza dun ser cruel. (Asorey 2016: 16)

O Nordeste parece refén do seu clima excesivamente quente e árido e da súa natureza pouco atraente que fai da terra arisca aos que dependen dela. Miguel Anxo Murado tamén chega a unha reflexión parecida con relación a Galicia. Se no Nordeste a gran cuestión é a ausencia de chuvia por meses inintermptos e o clima quente, en Galicia o clima é de chuvia abundante e frío durante os longos meses do inverno, demostrando así unha situación oposta e de complementariedade. Un lugar é castigado pola presenza do sol; o outro, pola da chuvia.

Segundo Miguel Anxo Murado, Galicia está na súa xeografía e só a partir dela a imaxe da terra galega comeza a tomar forma. Sexa por ter o seu rostro cara ao Atlántico, pola súa distancia (é en Galicia onde está o fin do mundo, Fisterra), pola forte presenza do mar, a presenza do ruralismo... Todos eses tópicos están entrañados na cultura galega e na súa identidade, así como acontece na invención do Nordeste:

O que aquí nos interesa é que Fontán levaba razón: Galicia está na súa xeografía. Como imos ver, a súa historia é, en moi grande medida, a súa xeografía; como tamén a súa está na súa xeografía. Sen caer en determinismos, o que a fai singular é a súa xeografía física, que é tanto como dicir a súa aparencia. Esta foi á vez que deu orixe a unha xeografía humana ben singular e, se cadra, a non poucas das súas institucións

políticas e mesmos culturais. A explicación de Galicia, se é que existen as explicacións para os lugares, haberá que buscala, pois, menos nos arquivos, nos diplomas e os decretos, e máis nas follas amarelecidas do vello mapa de Fontán. (Murado 2017: 15)

Ese paralelo consegue que Galicia e o Nordeste sexan rexións singularizadas polas súas condicións climáticas: non son lugares de abundante fertilidade ou industrialización, o que comporta unha serie de problemas sociais que circundan a pobreza, a fame e a miseria. Desta forma, a emigración é unha gran ferida nesos lugares. Se en Galicia, como apunta Murado, a terra non é moi fértil, o que desempeña ese papel de provedor é o mar. No *Nordeste*, o Nordeste reducido a estereotipos, o Nordeste pobre que Asorey ficcionalizou, non ten auga do mar nin da chuva para que a rexión se autosustente, malia que non toda a rexión se encadre nesta versión imaxética bastante difundida. Estamos diante de dúas rexións que teñen a fame moi presente na súa historia. Nessas condicións, a emigración pasa a ser outro tópico común aos galegos e ás galegas e aos nordestinos e ás nordestinas.

A emigración da poboación no Nordeste intensifícase nas décadas do 40 e 50 do século XX. Esta rexión do Brasil no século XX era a máis poboada, o 46% de toda a poboación brasileira concentrábase alí. Mais as secas e mellores oportunidades de vida e emprego noutras rexións conseguiron que ese número de persoas se dispersase. Igual que Galicia, o Nordeste está fóra do Nordeste:

Às veces, expulsos de sua terra natal por causa das secas, fenómeno climático que atinge grande parte do Nordeste de forma crônica, outras vezes (ou simultaneamente) atraídos pelas oportunidades resultantes de atividades econômicas em expansão, os migrantes do Nordeste se moveram em grande número, somando aproximadamente 300 mil pessoas durante os primeiros anos do século 20. Com o colapso da produção da borracha, após a II Guerra Mundial, muitos voltaram para o Nordeste, enquanto outros permaneceram e se fixaram nos seringais, mantendo uma agricultura de sobrevivência. (Fusco e Ojima 2014: 13)

Os movementos migratorios de Galicia tamén foron moi intensos ao longo dos séculos. A emigración é unha gran ferida social dende finais do século XIX. Autores como Gabriel Álvarez Silvar sinalan os diferentes ciclos dentro deste fluxo de persoas: unha emigración

colonial entre 1880 e 1960. Silvar enfatiza que até a década de 30 o destino das/dos emigrantes era América, o que non terá continuidade por causa da Guerra Civil e da Segunda Guerra Mundial. Neste período hai unha mudanza en relación ao tipo de emigración, de colonial pasa a ser industrial ou capitalista. Ese primeiro ciclo é denominado colonial, pois os galegos e as galegas marchan para as ex-colonias españolas sudamericanas para traballar por conta propia en pequenos negocios, especialmente.

O segundo ciclo terá como destino a propia Europa por causa do establecemento e consolidación do modelo capitalista, sendo deste xeito un período nomeadamente máis curto, de aproximadamente vinte anos, tomando as décadas entre 1960 e 1980. Neste segundo momento, a preocupación das/dos emigrantes é a acumulación de capital. As/os emigrantes galegos pasan a traballar baixo contrato e son a man de obra barata no estranxeiro.

Ese fenómeno foi rexistrado polas literaturas brasileira e galega. A dor dos retirantes, termo que designa persoas que deixan a súa terra por causa da miseria, da seca, está estampada em moitas obras. Ese termo, retirante, está intrinsecamente asociado ás nordestinas e nordestinos que deixaran atrás o seu lar na busca de mellores condicións de vida en cidades do sur e do sudeste brasileiro, principalmente. Podemos citar, como um exemplo desas obras que retrataron a emigración nordestina, o libro *Vidas Secas* (1938) de Graciliano Ramos. A obra xira en torno a unha tentativa desesperada da familia de Fabiano que decide deixar atrás a fame e miseria do nordeste. Na compañía da súa muller, dos seus fillos e da súa cadela de estimación, Fabiano e a súa familia andan xuntos sen destino cara a algún lugar lonxe da vida que levaban e encontrando no camiño moitas situacións extremadamente tráxicas e arrasadoras.

Moitos libros da historiografía literaria brasileira aproximáronse ao tema, así como tamén nos atopamos co retrato da emigración na literatura galega. Malia que a cantidade de obras é abundante, o conto *O pai de Migueliño* (1929) incluído no libro de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao parece ser unha gran síntese do que foi este fenómeno e das súas consecuencias sociais para Galicia. Neste brillante e sucinto conto de Castelao, Migueliño, un meniño de pouca idade, e súa nai prepáranse para recibir o pai do rapaz no porto da cidade despois de moitos anos afastados por mor da diáspora.

Amelancolía e o arrebatamento do lector danse cando a narrativa nos conta que Migueliño ollou con moita expectativa a foto de seu pai antes de saír da casa, e mesmo logo cada home que saía do barco era incapaz de recoñecer cadanseu propio pai, por mor do longo tempo de separación e a degradación física resultante do traballo duro. Malia breve, hai moitos temas caros á diáspora galega que son alí revelados: a parcela feminina da sociedade que non participa tan intensamente deste movemento e que queda atrás carrexando co traballo e a administración de propiedades e bens, alén da crianza dos fillos; as malas condicións nas que os emigrantes galegos se encontraban; os acordos matrimoniais que entran en colapso; e, o raro do retorno, que podería demorar tantos cantos anos son necesarios para que esquezamos o rostro do noso propio pai, como tantos cantos son necesarios para morrermos sen velo máis.

Esas e moitas obras representan ben diferentes aspectos da diáspora, sexa o social, psicolóxico, cultural, económico e político. O desprazamento assume o núcleo desas culturas que son reflectidas en tópicos como a saudade. A profesora viguesa Helena Miguélez-Carballeira publicou o estudo crítico *Galiza, um povo sentimental?* para reflexionar o tropo da Galicia saudosa. Segundo a escritora, Galicia posúe esa particularidade histórica de ter o seu nacionalismo fundido ao sentimentalismo dende o século XIX, coa premissa da suposta feminización da terra pola súa orixe céltica. Miguélez-Carballeira observa como emerge ese sentimentalismo na imaxe do pobo galego:

As suas manifestações são tão várias como historicamente complexas, mas todas elas confluem em presumir que o galego é um povo nostálgico, que vive em harmoniosa comunhão com a paisagem ou, então, em pesarasas saudades, quando longe da terra. Essas imagens evocaram, de forma explícita e implícita, uma ligação milenar entre o povo galego, uma capacidade inata para a poesia e um caráter reservado, uma maneira de se estar no mundo desprovida de espírito prático e de realismo, mas também astuta e cautelosa. (Miguélez-Carballeira 2014: 14)

Ademais dos estudos que tocan temas de xénero, o sentimentalismo galego xa era tema de ensaios sobre cultura en xeral como vemos na obra do filósofo e político Ramón Piñeiro na súa *obra* (2009). Piñeiro procura puntualizar a diferenza entre saudade e *morriña*. A *morriña* tería como definición un sentimento de melancolía e depresión causado pola nostalxia da

terra. Ese é un sentimento particular da cultura galega, alén de ser un mito que xurdiu no século XIX a causa das migracións e da saudade causada pola distancia e desexo de retorno.

Porén, a *morriña* non é un sentimento exclusivo daquel galego emigrante que partiu contra a súa vontade e que desexa retornar á súa patria. Outro tipo de *morriña* tamén era sentida polas mulleres e polos fillos cando o home era obrigado a deixar o lar. A palabra saudade existe en galego (*soidade* ou *saudade*), pero *morriña* é máis que iso, pois trátase dun estado psicolóxico, mentres a saudade non.

O Nordeste tamén leva o estigma desa saudade ao punto de que a súa imaxe é trazada, tamén, por ela. A saudade para o nordestino é moi semellante á do galego: pertencen e senten esa pertenza a unha terra súa na que non poden vivir; así, fican condenados, por factores internos e externos, a estaren lonxe dos seus lares contra a súa vontade: “A rexión Nordeste, que surge na ‘paisagem imaginária’ do país no final da primeira década deste século, substituindo a antiga divisão regional do país entre Norte e Sul, foi fundada na saudade e na tradição.” (Albuquerque 2017: 78)

Suxeitos a tantos estereotipos, o pobo galego e nordestino non se conseguiron librar dunha serie de prexuízos de cuño social, económico e lingüístico onde fose que emigrasen. Malia que a fala nordestina non chegue a ser unha lingua e si un dialecto, está bastante estigmatizada socialmente así como a lingua galega vén sendo inferiorizada ao longo dos séculos.

Marcos Bagno, lingüista e escritor brasileiro referencia no ámbito da sociolingüística, dedicouse a analizar o prexuízo lingüístico dentro do portugués brasileiro e para exemplificar casos de estigmatización trouxo consideracións a respecto do dialecto nordestino, facendo alusión á rexión dende a portada do libro, *O preconceito lingüístico* (2006):

Quando, porém, um falante do Sudeste ouve um falante da zona rural nordestina pronunciar a palavra escrita OITO como [oytšu], ele acha isso “muito engraçado”, “ridículo” ou “errado”. Ora, do ponto de vista meramente lingüístico, o fenômeno é o mesmo — palatalização —, só que o elemento provocador dessa palatalização, o [y], está antes do [t] e não depois dele. Então, se o fenômeno é o mesmo, por que na boca de um ele é “normal” e na boca de outro ele é “engraçado”, “feio” ou “errado”? Porque o que está em jogo aqui não é a língua, mas a pessoa

que fala essa língua e a rexión geográfica onde essa pessoa vive. Se o Nordeste é “atrasado”, “pobre”, “subdesenvolvido” ou (na melhor das hipóteses) “pitoresco”, entón, “naturalmente”, as persoas que lá nasceram e a lingua que elas falan tamén e ven ser consideradas assim... (Bago 1999: 44)

Como apunta Bago, eses xuízos de valor refírense ben máis que a un plano lingüístico, senón tamén social e económico. Esta estereotipación con intención de desmerecer unha lingua e un pobo tamén ten lugar en Galicia, que ao longo dos anos loitou contra o silencio dos Séculos Escuros e da domesticación dunha lingua aprisionada no seo familiar rural. Son abundantes as mencións á lingua galega con desprezo ao longo da historia, como apunta Miguélez-Carballeira:

Pelo contrario, a lingua galega figura como una camponesa, pobre e recatada, cujo estado de isolamento é tão total que é incapaz de adquirir a consciencia de si própria que a levaria a cobixar para si o *status* dos outros. Uma incapacidade para se conduzir a si mesma que, de mais a mais, é indicativa da condenação a que está predestinada: só se ela se resistir à própria destruição, merecerá uma morte digna “entre flores do campo e na solidão da floresta”, insignificante e esquecida”. (Miguélez-Carballeira 2014: 69)

Tendo que loitar coas deficiencias internas, Galicia e Nordeste tamén precisaron enfrontar prexuízos que proviñan de fóra do seu territorio. Ao longo da historia, esas rexións foron asoladas por diversas dificultades en común. Aínda que afastados xeograficamente, Galicia e Nordeste encóntranse na obra de Asorey grazas ao elo ficcional entre Carme de Candingas, Matilda e Maria Bonita: as únicas que poderían salvar a cuarta muller da historia: Galicia.

2.2 Donas das súas propias cabezas

“O mundo é dos homes”, esta é unha frase da nai de Maria Bonita na obra ficcional *Nordeste*. A novela trata xustamente de eclipsar este mundo masculino para dar espazo e voz ás mulleres. Desta forma, cada unha das personaxes xa presentadas sofren algún tipo de machismo respaldado e lexitimado pola sociedade patriarcal. A intención do autor neste libro, alén de reescribir a historia, é a de varrer figuras masculinas que dalgunha forma subxugan as mulleres.

Comezaremos a analizar o elo ficcional entre mulleres galegas e *sertanejas* primeiramente

coa presenza da personaxe de Carme. Carme é alguén que alcanza un alto cargo e participa do desenvolvemento dun emblemático momento histórico, pero que é lembrada en todo o momento que ocupa unha posición pouco común ás mulleres da súa época:

Un raro lugar este, onde as mulleres pode acceder a mundos que en case todas as partes están reservados aos homes. A Santa Irmandade trouxera unha próspera República que, cos anos, se fora estendendo polo mar, e na cal as mulleres gañaran unha relevancia nunca soñada noutras terras. Nas cortes europeas facían chistes crueis sobre a maldade e o poder insensato das mulleres galegas. Brincaban tamén co suposto desprezo que as damas desta terra tiñan polo decoro e polas normas da decencia. As cousas non eran así, tan só esaxeracións interesadas ante o incompreensible. Conque, aínda que a Igrexa Reformada outorgaba ás mulleres dereitos inimaxinables noutros credos, e mesmo algunhas podían asistir á universidade ou desempeñar certos cargos públicos, o mundo, tamén aquí, seguía a ser dos homes e dos seus pactos. (Asorey 2016: 30)

Carme encarna a falsa noción de emancipación feminina da que Galicia se sentiu orgullosa e paradoxalmente condenou até o século XX, a dunha Galicia feminista (Rios 2016). Coa emigración masiva dos homes, as mulleres pasaban a asumir certas funcións domésticas e laborais, o que xerou a necesidade de educalas, pero aínda así iso non significaba un avance lexitimo. A presenza do home aínda era un requisito e representaba autoridade máxima, o que as mulleres gañaron nesa grande ilusión foron máis estigmas de libertinaxe sexual, indecencia e insubordinación. Carme é a mirada sensible á inevitable conxunción entre a colonización/nacionalismo e o xénero e as implicacións dos procesos patriarcais nesa situación:

As metáforas veladas ou abertamente sexuais abundan nos diferentes discursos coloniais do século XIX. Tal discurso colonial non está exento de ambivalencia xa que ó feminizar exoticamente toda a poboación conoértea, como xa indicou o crítico palestino Edward Said (1979), non só en obxecto de apropiación e dominio, senón tamén en obxecto desexo. Desexo que, por outra banda, foxe dos estreitos confins dunha relación heterosexual, xa que como ben sinalou a crítica paquistaní Sara Suleri (1992) trata pantalla dunha femineidade conquistábel, o que se agacha é unha relación entre homes – relación caracterizada por un copoñente xerárquico entre colonizadores e colonizados. (Aretxaga 1996: 91)

Como a voz das mulleres rebota a través dos capítulos alternados sobre as vivencias e violencia das tres personaxes, Carme é aquela que denunciará a violación colonialista e a sexualización dese proceso na seguinte pasaxe. A loita de Carme é contra a opresión histórica e a violación sufrida polas mulleres colonizadas: “A vedora maior pregunta que acontece. Entón, rindo, o oficial maior do castelo sinala unha india espida, golpeada e asustada. Hoxe, por fin, todos os homes han de ter algo co que se divertir” (Asorey 2016: 52).

Se Carme é quen traduce a categoría de “mercadoría” que os homes destinaron ás mulleres, quen reescribe a idea de “sombra” é Matilda. Matilda é estranxeira, a emigrante, a forza repelente que varre os homes como o Tenente João Bezerra, Graciliano Ramos e Lampião na historia. Esa personaxe, alén de loitar pola liberdade de expresión e contra o machismo intelectual, é quen representa a muller que non queda atrás no movemento de diáspora, ela é quen se despraza e faino para São Paulo, cidade preferida polos emigrantes galegos no século XX (Peres 1996).

Noa Rios Bergantinhos (2001: 30) esmiuza a cuestión das mulleres e a emigración no século XX a partir de artigos publicados en *A Nosa Terra* sobre a condición feminina:

Seguimos com a mesma linha analisada anteriormente, a emigração galega provoca que haja mulheres ocupando o posto tradicional dos homens, o do trabalho fora da casa. O argumento sustém que, na Galiza, as mulheres ham de ter direitos por serem galegas, trabalhadoras e mulheres de emigrantes.

Matilda non é muller de emigrante, ela é a emigrante porque non precisa ningunha tutela masculina. Con todo, é esa idea de usurpar o lugar dos homes e rexeitalos a que fai que o episodio destacado sobre a personaxe de Matilda sexa o seu romance lesboerótico con Maria Bonita, pois nin aquí cabe o dominio do home. Ese é un libro sobre mulleres:

Ao se ver de novo, béixanse e senten nas súas bocas a quentura deste volcán en que se viven e se moven. Cos dedos tecen xuntas unha tea irrompible que abaixa as roupas e percorre os corpos (...) Veño para te levar comigo (...) O seu lugar é o sertão. O seu corpo pertence a eses campos onde o sol é o señor, por riba das rachadas de vento que fusilan a carne e a madeira requeimada pola seca. Ela é unha fuxitiva, unha cangaceira, unha asasina, Unha muller, insiste Matilda. O sertão é a sua morada, o lugar onde foi libre e onde ha morrer, ao cabo. Velaquí

o deserto ao que, finalmente, sempre retona a chuva. (Asorey 2016: 118)

Así, Matilda varre a maior figura do movemento do Cangaço brasileiro. A personaxe de Matilda é intrigante, pois parece repeler outras figuras masculinas reveladas dentro da narrativa. Xa nas primeiras páxinas que inauguran a obra, Matilda saca o tenente João Bezerra, responsable da orde de captura e decapitación dos implicados no grupo de rebeldes, do encadramento da súa Leica III.

Matilda, xornalista que vai cubrir as noticias do movemento, sintetiza a importancia que o xornalismo tivo para a rexión Nordeste. O Nordeste entra no mapa cando os medios de comunicación se volven extremadamente interesados no tema da seca. Este papel do xornalismo é moi importante tendo en conta a situación xeográfica que se encontraba a rexión: “Essa talvez seja uma das poucas formas de contato entre populações distanciadas, sem maior comunicação, dadas as deficiências nos meios de transporte”. (Albuquerque 2017: 81)

Matilda ten unha grande arma nas súas mans: a cámara fotográfica coa que rexistra a cruel exhibición das cabezas decapitadas do bando, entre elas a de Maria Bonita e Lampião. Matilda, estrategicamente, desfai a primeira figura opresora que encontra: O Cão Coxo, como era coñecido o tenente João Bezerra:

De socato, o tenente colócase a carón dos crânicos, agarda quizais que a súa figura encha o papel tinxido dos xornais, para o cal regala un aceso irresistible en que amosa o seu dente de ouro. Será recoñecido como un heroe. Honraran o gran Getúlio como unha figura nacional. Admiraran os donos do mundo. Non só cobrará o que as autoridades prometeran. Posiblemente, o seu nome e do terceiro batallón pasarán aos libros de historia. A fotógrafa fai un aceno coa a man e ordénalle que aparte. (Asorey 2016: 14)

A xornalista que tamén se refire “aos donos do mundo”, ou sexa, aos homes que loitan contra a opresión mediática, o punto de vista masculino que ten ditado o curso da historia. Incluso a través do seu xesto de sacar unha foto na que ela dá o protagonismo aos oprimidos e rexeita a presenza do opresor ao ordenar o seu afastamento até que o Cão Coxo non caiba máis no rexistro fotográfico. Mais a loita desas mulleres son sempre abafadas polo contexto patriarcal no que están inseridas. Matilda, aínda que fose ao *sertão* facer aquela foto, non recibe os debidos créditos por ela:

Matilda sostén nas mans o xornal que agarda por ela dende hai días. Nos seus ollos vermellos amósase o cansazo acumulado destes meses. Está segura de que foran os primeiros en publicar aquela macabra foto que acompaña a crónica que ela mesma redactara, pero que aparecera asinada polo director, un xornalista con fama de imparcial e ecuánime. (Asorey 2016: 35)

A pequena pero simbólica vitoria de Matilda ao facer unha foto e excluír o indutor daquela crueldade, é silenciada cando non consegue excluír outra figura masculina representada polo director do xornal. Aínda así, esta personaxe tende a usurpar papeis masculinos como fixo na historia de amor heteronormativa e penosa de Maria Bonita Lampião. Matilda repele outra figura moi cara á literatura brasileira cuxo nome foi moi citado neste período: Graciliano Ramos.

Graciliano Ramos foi un escritor, político e xornalista nordestino do século XX e autor do libro *Vidas Secas* (1938), xa citado neste artigo. Alén de usar o Nordeste como tema de moitas das súas obras, o chamado sertanismo. Graciliano destacou-se no período polo seu papel xornalístico no que criticaba severamente o goberno de Getúlio Vargas, responsable da Revolución do 30 que derrubou o goberno anterior para instaurar a ditadura. Este período coñecido como Estado Novo é vivido polas personaxes Maria Bonita e Matilda, que loitan contra o réxime ditatorial de formas diferentes: Maria cunha arma e Matilda cunha cámara, en rexións case extremas do Brasil. Graciliano, que viviu na vida real o período getulista, foi preso baixo acusación de militancia comunista.

En *Nordeste* este escritor, que foi icona do sertanismo na literatura e expoñente político contra a ditadura, aparece acovardado. Na ficción, Graciliano Ramos procura a axuda de Matilda para que xuntos compilen documentos sobre as barbaridades ditatoriais de Getúlio Vargas co obxecto de derrubalo do poder. Matilda, nas súas idas e voltas, relaciónase con outros personaxes reais como o fotográfico Benjamín Abrahão Botto⁶, para a participación desa insurxencia contra o goberno. No día marcado, Graciliano non aparece e Matilda segue co plan até a embaixada, onde morre, vendo a súa loita reprimida e enterrada novamente.

E por último, a figura de Maria Bonita, unha importante cangaceira que foi ofuscada

pola figura de Virgulino Ferreira da Silva, Lampião. A loita que Maria Bonita representa é a da opresión social e de xénero. Obrigada a se casar cun primo, Zé Nénem, e a sufrir violencia doméstica, física e psicolóxica, namórase da figura máis temida do Nordeste no século XX: Lampião. Este amor é a súa saída e tamén a súa derrota.

Segundo o investigador Antônio Amaury Corrêa de Araújo no libro *Lampião – as mulheres e o cangaço*, Maria Bonita non posuía ningunha cualidade ou destreza que a distinguise de calquera outra muller que se unise ao grupo de cangaceiros, a súa fama en verdade era apenas a refracción da luz que emanaba de Lampião. Asorey non só apaga o interruptor da luz do rei do cangaço como fai da figura de Maria Bonita un poderoso sol capaz de iluminar e extinguir a sombra que acernou todas as mulleres da historia:

[Maria Bonita] Foi, sem dúvida, a figura mais conhecida, comentada, divulgada, valorizada, adulada e elogiada dentre todas as mulheres que viviam com cangaceiros. O fato de ser a amante do chefe supremo dava-lhe tal privilégio. Não se destacava das outras por nenhum atributo físico em particular, e nem por algum sentimento humano superior que pudesse lhe dar uma aura de bondade acima da média de companheiros e companheiras. Mesmo o vulgo de “Bonita”, segundo alguns ex-cangaceiros e cangaceiras, não lhe era aplicado na intimidade do grupo; ali era trata por Maria, Maria de Lampião (para distingui-la das outras tantas que ali havia) ou Bazé como era chamada por Suspeita. (Araújo 2012: 162)

Maria Bonita vai ser o portal a través do cal temos acceso ás condicións das mulleres dentro do *cangaço*. É despois da incorporación de Maria Bonita ao bando cando outras mulleres comezan a xurdir e unírense ao grupo de rebeldes. Maria Bonita cóntanos, por exemplo, a historia de Dadá, outra muller que de feito existiu e participou no movemento rebelde. Maria Bonita denuncia o rapto desta muller que foi secuestrada aos 13 anos e violada polo seu primo, Corisco.

A presenza de Dadá, que de feito non é forzada, é contestada por Maria Bonita ao decatarse da historia da muller. A curiosidade de Maria Bonita tórnase perplexidade cando

⁶ Fotógrafo libano-brasileiro responsable da recollida de material fotográfico do movemento do Cangaço e de Lampião.

Dadá confesa que permanece ao lado do seu violador porque el lle ensinara a ler e a escribir, denunciando non só a violencia de xénero senón tamén as condicións miserables que encontraban as mulleres no *sertão* e que estaban á mercé dese tipo de situación: “Iso é o que farán os policía da volante cando cheguen. Abrilas cós seus carallos, fodelas e logo destripalas. Escarmento para o mundo. A violación sempre foi unha arma, a demostración máis práctica do poder e do dominio” (Asorey 2017: 41).

Maria Bonita rexistra na narrativa as accións do bando, tanto as políticas como os actos de violencia contra as mulleres que cometen homes do grupo. Entre as accións relatadas máis impactantes están os capítulos nos que Dadá dá a luz ao seu fillo no medio dun tiroteo entre gardas e o grupo de rebeldes. Os tiros cesan cando os gardas se dan conta da situación e Josefá é traído ao mundo neste escenario hostil e salvaxe. No outro capítulo, titulado Canindé, Maria Bonita relata a invasión dos cangaceiros a un poboado e como as criadas son violentadas polos homes do bando:

Ao chegar alíu as caras asustadas das xentes, ante o acordeón que non paraba de soar nos dedos entolecidos dun veciño. Había filas de homes que se dirixían a vaíos leitos situados no médio da praza. Sobre eles, xacían as criadas da facenda. Tiñan os ollos perdidos, as cabezas dobradas cara atrás, coma mortas. As súas bragas estaban situadas á altura dos nocellos. Os homens, abaxando os patalóns, colocábanse enriba dos seus sexos negros. Alguén escribira sobre os cabezais das camas: “Onde están os amos?” A letra era fermiosa, coma nun exercicio de caligrafía. Maria berrou e ordenou parar aquilo. Os cangaceiros miraron desconcertados á muller. Sabían do poder e da influencia que tiña sobre o seu xefe, así pois, non ousaron desobedecela. As xentes foron indo para as súas casas e eles apartáronse de alí. Logo Maria abrazou as mozas que alí quedaron, amortecidas, a ollar as estrelas nun baleiro que non lles había permitir nin saber onde estaban. É así que se vencia crueldade? Como é que lles fixera aquilo? Eles non podían ser iguais Ca os señores e súas porcas leis. (Asorey 2016: 63)

Neste capítulo fica aínda máis claro o papel de Maria Bonita de denunciar a violencia de xénero e social. Nese anaco podemos incluso iniciar debates respecto á violencia da muller negra, tratada como mercadoría e sexualizada dende a chegada dos escravos ao Brasil. A dolorosa pasaxe amosa que a violencia e opresión non vén soamente do opresor. Maria,

que Asorey sempre cita prescindindo do epíteto Bonita, xa que os libros diminuíron a súa importancia histórica e reducíranla a un ideal de beleza pouco plausible, mostra a crueldade daqueles que deberían loitar contra ela. Esa observación de Maria Bonita é unha síntese do que acontece coas outras mulleres desa ficción: morren pola opresión contra a que están loitando. Son sufocadas por unha balanza que pide, sempre que exista, un opresor e un oprimido. Malia que muden os opresores, nesa historia só hai un oprimido: as mulleres.

Ademais de gañar a importancia histórica que merece na obra de Asorey, Maria Bonita tamén personifica aquela varanda do mar do atlántico versificada por Rosalía de Castro. Maria Bonita abrangue unha terceira onda nacionalista, na que o *sertão* é a nova Irlanda pero que non pretende caer nos mesmos erros e quere superar a misoxinia, o conservadorismo católico e o racismo do nacionalismo do século XX. O *sertão* como un espazo de pobreza, opresión, machismo, vivindo unha Idade Media anacrónica, baldeirado pola emigración imposta polas faltas de condicións dignas e a seca, estigmatizado polos estereotipos que atravesan as áreas sociais, económicas, intelectuais e lingüísticas pero que simboliza ao mesmo tempo o espazo da saudade, da revolta e dunha ligazón inquebrantable coa terra, ao punto de non ser posible dicir onde rematan os nordestinos e nordestinas e onde comeza o *sertão*. Asorey desbrava o inhóspito e árido *sertão*, pois escoitou a chamada dun pobo que comparte a mesma loita: seren protagonistas da súa propia historia e non calquera historia, mais unha historia digna.

3. Consideracións finais

Nordeste é unha novela ucrónica liderada por tres voces femininas que, ao estilo de Walter Benjamin, procura contar a historia de Galicia e do Brasil baixo unha nova perspectiva: a dos vencidos, ou mellor, as vencidas. A obra busca reescribir a historia de Galicia e do Nordeste dando espazo para que as mulleres que fixeran parte dela sobresaian, sexan vistas e oídas.

A obra ten moito mérito por crear tantas provocacións en relación coa violencia de xénero lexitimada nos libros de historia. As personaxes inventadas ou apenas ficcionalizadas, en realidade, falan a respecto de todas as mulleres reais que non conseguiron desfacerse das funcións misóxinas ás que foron encarceradas: mercadorías e sombras. Aínda que o

libro mostre que o futuro (e o pasado) son femininos, a conclusión á que chega o autor non é moi optimista.

Alén da cuestión de xénero, o libro é bastante perspicaz ao colocar en consonancia a historia e a creación identitaria de dous espazos tan diferentes e afastados como Galicia e o Brasil. Esa aproximación parece frutífera en canto ás ligazóns causadas polas migracións, principalmente no século XX, que fixeron do Brasil o lar de moitos galegos, como tamén por cuestións de afinidade lingüística; unha busca de unión lusófona que exclúe Portugal, pouco citado na obra, mais que encontra lazos estreitos no Brasil a través da alegoría creada por Daniel Asorey.

A alegoría do nordeste denuncia dúas realidades díspares que gardan semellanzas e loitan por unha viraxe que mude a longa tradición de inxustiza, miseria, prexuízo e baixa estima, posición periférica, falta de apoio político e autonomía. Galicia recoñécese no nordeste e entón reescribe a historia que podería ter acontecido pero que nunca aconteceu. Galicia e nordeste, nesta historia, son ecos do silenciamento, de loitas frustradas. O escritor galego coloca as dúas rexións, practicamente desleixadas pola historia, nunha posición central e as mulleres están aos mandos deste ascenso e a elas pertence esa historia, esa hipótese histórica, esa fiestra de esperanza aínda que ficcional.

4. Referencias bibliográficas

- Aretxaga, Begoña (1996): *Xénero e nacionalismo: a inherente inestabilidade de dous conceptos*. Vigo: Xerais.
- Araujo Amaury, Antônio Corrêa de (2012): *Lampião: as mulheres do cangaço*. São Paulo: Traço Editora.
- Bagno, Marcos (2002¹⁵): *Preconceito lingüístico – o que é, como se faz*. São Paulo: Editora Loyola.
- Bergantinhos, Noa Rios (2001): *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936): Ideologia e realidade*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Castro, Rosalía de (2003): *Cantares Gallegos*. Vigo: Xerais.
- Fernández Dans, María Mercedes (1976): “Os personaxes de *O cabaleiro do Santo Grial* e os das aventuras de Galaad na *Queste francesa*”, *Grial. Revista Galega de Cultura* 54, pp. 465-476.
- Howes, Marjorie (1997): *Yeats's Nations: Gender, Class, and Irishness*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Fusco, Wilson e Ricardo Ojima (2014): *Migrações e nordestinos pelo Brasil: uma breve contextualização*, en R. Ojima e W. Fusco, *Migrações Nordestinas no Século 21 - Um Panorama Recente*. São Paulo: Editora Edgard Blücher, pp. 11-26, <http://dx.doi.org/10.5151/BlucherOA-ojimafusco-04>.
- Lima de Abrantes, Elisa (2018): “Reflexões contemporâneas sobre o Celtic Revival irlandês do século XXI”, *Revista Brathair* 1 (18), <https://ppg.revistas.uema.br/index.php/brathair/article/view/1786> [consulta: 02/01/2021].
- Miguélez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Murado, Miguel Anxo (2016): *Outra idea de Galicia*. Barcelona: Penguin Random House.
- Sainero Sánchez, Ramón (2013): *Los orígenes de la leyenda de Breogan*. Madrid: Akal.
- Gómez Sánchez, Anxo e Mercedes Queixas Zas (2001): *Historia Xeral da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra.